

Consideracións de ADEGA ao documento

“ANÁLISIS DETALLADO DEL INFORME EMITIDO POR AUGAS DE GALICIA EN MAYO DE 2018”

e ao informe

“MANEJO SELECTIVO DE LOS ESTÉRILES DE MINA CLASIFICACIÓN NAG-PAG”

presentados por Cobre San Rafael SL en xullo de 2019

O documento *“ANÁLISIS DETALLADO DEL INFORME EMITIDO POR AUGAS DE GALICIA EN MAYO DE 2018”* preséntao Cobre San Rafael SL (en diante CSR) en xullo de 2019 como resposta ao “informe complementario” de Augas de Galiza de febreiro de 2019. Neste informe complementario subliñábanse cuestións non resoltas na primeira contestación de CSR (agosto de 2018, *“DOCUMENTO RESPUESTA AL INFORME DE AUGAS DE GALICIA”*) ao primeiro informe de Augas do 7 de maio de 2018, emitido a petición do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

As presentes consideracións de ADEGA atinxen tanto o dito *“ANÁLISIS DETALLADO DEL INFORME EMITIDO POR AUGAS DE GALICIA EN MAYO DE 2018”*, como ao informe *“MANEJO SELECTIVO DE LOS ESTÉRILES DE MINA CLASIFICACIÓN NAG-PAG”*, tamén de xullo de 2019, ambos parte da documentación máis recente presentada pola empresa.

Chama a atención que CSR, en troques de atender ás achegas máis recentes feitas por Augas de Galiza no seu “informe complementario” de febreiro de 2019, a empresa refírase novamente ás consideracións emitidas polo organismo de bacía en 2018. Trátase pois da segunda resposta da empresa a un mesmo documento, xa superado pola última resposta de Augas.

Cómpre lembrar tamén que neste recente informe o organismo de bacía entendía que o promotor non achegara novidade algunha na súa resposta, deixando sen consideración outros aspectos relevantes. Concluía tamén que o nivel de detalle da “Actualización do Proxecto Touro” era insuficiente polo que atinxe á afección ao medio hídrico, concluíndo finalmente que en base ás eivas detectadas polas Áreas de Calidade das Augas, Vertidos e Planificación e Programación Hidrolóxica, *“non se poida asegurar que o proxecto non vaia causar impactos ambientais significativos”*.

Na exposición do seu *“ANÁLISIS DETALLADO...”* CSR fai uso dunha estrutura de pregunta-resposta, reproducindo a literalidade das consideracións do informe de Augas de maio de 2018 para de seguido expoñer as consideracións da empresa.

Porén, resulta moi revelador que o promotor, en troques de achegar a información demandada por Augas de Galiza nas súas reiteradas comunicacións, se limite nalgúns casos a describir a metodoloxía a aplicar; sinalar que a información xa consta en anteriores documentos sobre os que a administración xa se pronunciou reiterando as mesmas eivas; ou con moita frecuencia indicar que presentará o requerido *“una vez que el proxecto cuente con la Declaración de Impacto Ambiental –DIA- favorable”*.

De seguido recolleamos algúns exemplos deste tipo de respostas que CSR deu aos requerimentos feitos de Augas de Galicia nos seus informes:

-Sobre os **desvíos de regos**, para os que Augas advertiu que deberían xustificarse por causas de interese xeral e sempre que o proxecto sexa declarado de interese público, CSR límitase a presentar un informe sobre o estado ecolóxico dos dous treitos desviados, que segundo a empresa milloraría cos desvíos, e a reiterar os beneficios sociais que traerá a extracción do mineral. Finalmente vencellan o cumprimento de todos os requerimentos de Augas á consecución da DIA.

-Sobre as advertencias de Augas de non autorizar **encanamentos cubertos** e sobre as obras de **paso de viais** sobre os regos, CSR resposta que no primeiro caso trátase dunha “errata” e que non hai tal encanamento. Porén Augas sinala que o “erro” persiste na documentación complementaria achegada pola empresa. Para o tema do paso dos viais sobre o DPH, CSR dá conta da metodoloxía e da normativa de aplicación, mais rexeita concretar os aspectos que require Augas. De novo, tanto para os pasos como para os encanamentos CSR refírese a un momento posterior cando se lle conceda a DIA, intre en que supostamente dará cumprimento a todos os condicionantes requeridos pola administración.

-Augas advirte sobre a falla de solucións para as afeccións provocadas polos numerosos **desvíos de canles** que figuran no proxecto, e CSR resposta referíndose a un estudo xa presentado (*Anexo III del informe “Actualización del Proyecto de Explotación vigente de Cobre de Touro”*) no que se expoñen as afeccións aos regos polas obras, mais non as solucións demandadas por Augas.

-Sobre os **pasos de canles** nos viais interiores e as **anulacións de cabeceiras de regatos** Augas fai unha serie de advertencias, insistindo en que se axusten en todo momento ao Regulamento do DPH (Dominio Público Hidráulico), e se xustifique o interese xeral das actuacións. CSR volve a responder presentando o documento *“CARACTERIZACIÓN ECOLÓGICA DEL ARROYO PUCHEIRAS Y DEL AFLUENTE NORTE DO REGO DO BURGO”* asegurando que preservará o estado das augas, e indica que a extracción de mineral é unha actividade de utilidade pública segundo a Lei de Minas de 1973, sen dar resposta ás demandas concretas da administración hidráulica.

-Augas de Galiza demanda a **cuantificación dos aportes nos treitos suprimidos** e a xustificación e valorción dos novos fluxos previstos, ao que CSR resposta novamente que esta información chegarase logo da emisión da DIA e os seus condicionantes.

-Sobre os **caudais ecolóxicos** e para garantir o seu mantemento, Augas demanda unha análise xustificada das posíbeis afeccións durante todas as fases da explotación. CSR resposta que a estimación dos caudais ecolóxicos farase unha vez obtida a DIA e que *“No tiene ningún sentido hacer un estudio de caudales ecológicos en esta fase de solicitud”*. A empresa engade ademais que *“En caso de que se produzca interferencia de la explotación con la red hidrológica circundante, los caudales sustraídos serán restituidos a la misma masa de agua mediante un sistema de compensación a los caudales de los ríos afectados, consistente en un bombeo de*

agua de los acuíferos interceptados que tengan calidad adecuada” mais sen presentar proxecto nen xustificación técnica algunha.

-Sobre as **zonas protexidas** no PHGC (Plano Hidrolóxico Galiza-Costa) afectadas pola explotación, CSR reconece a afectación directa a unha, con código ES014CACH000000245 - “Arinteiro”, e propón medidas compensatorias para garantir o subministro á poboación da parroquia de Celeiro que consisten nunha condución de 1,8 km que comunique coa rede pública de abastecemento do núcleo do Castro. Esta solución foi *“diseñada, valorada y consensuada con la empresa concesionaria del servicio de aguas en este concello (Viaqua)”*.

-Sobre a afectación ás **zonas inundábeis** e zonas de fluxo preferente, Augas fai unha serie de demandas moi concretas, que resume na esixencia a CSR de que presente un estudo sobre as zonas inundábeis e de fluxo preferente na zona do proxecto e augas abaixo das bacías do río Brandelos e Pucheiras. A empresa resposta, como xa fixera anteriormente, describindo unicamente a metodoloxía e os modelos a utilizar, engadindo algunhas simulacións, para finalmente indicar que serán aplicadas para satisfacer o requerido pola administración logo de obtida a DIA.

-A respecto do requerimento de Augas para que CSR presente un estudo xustificativo das **afeccións ás captacións**, a empresa resposta que das 29 captacións na área de estudo só unha se localiza dentro da superficie da explotación, dando conta ademais do descubrimento doutras dúas previamente “non listadas”. As medidas compensatorias propostas pola empresa para suplir a eliminación destas captacións consisten no *“aumento de capacidad de la ETAP municipal y las infraestructuras asociadas, asegurando el suministro de agua potable debidamente tratada a todos los vecinos afectados”*.

-En canto aos criterios técnicos sobre a documentación aportada pola empresa, e concretamente á **modelización hidrolóxico-hidráulica** da rede fluvial, Augas de Galiza reclama a realización dunha análise para cada fase das modificacións nas bacías, escorrentías, transvases, etc. A empresa indica que para presentar esta análise agardará polos condicionantes recollidos na DIA, limitándose a expoñer a metodoloxía e a cuantificar *grosso modo* o volume mínimo transvasado.

-No relativo ás **afeccións concretas á rede fluvial** (aportacións, caudais nominais, caudais ecolóxicos, inundabilidade, etc.) demandados por Augas, CSR indica que para algunha destas cuestións os estudos presentaraos logo de concedida a DIA, e argumenta que no caso dos caudais ecolóxicos *“no tiene ningún sentido hacer un estudio de caudales ecológicos en esta fase”*.

-Polo que atinxe ao **baleirado do “lago de Vieiro”** e á natureza das augas e sedimentos polos que preguntou Augas, CSR aportou diversa documentación (analíticas de augas e sedimentos) na que reconece que esta balsa foi usada (sen permiso de Augas) como vertedoiro durante anos, chegando a recibir máis de 111.000 m³ de refugallos. A empresa tampouco aclara o destino dos 1,8 Hm³ que é preciso verter ao dominio público para explotar o antigo oco. Indica que *“acondicionará estas aguas para poder reutilizarlas internamente durante la fase de desarrollo del proyecto y los primeros años de operación”* mais como indica Augas de Galiza,

non se poderían tratar na PTA (Planta de Tratamento de Augas) porque na fase pre-operacional a depuradora aínda non estaría construída.

Especial atención merecen varias cuestións chave para a autorización do proxecto e sobre as que Augas de Galiza sinala importantes eivas na documentación do Estudo de Impacto Ambiental achegada pola empresa: a natureza e manexo dos estériles; o plan de prevención de accidentes e o de restauración; e o uso dos tecnosolos.

Polo que atinxe á **natureza e manexo dos estériles**, sobre os que a administración demanda coñecer a metodoloxía para poder identificar e separar claramente os que xeneran drenaxe ácida (PAG) dos que non (NAG), CSR aporta o documento *“MANEJO SELECTIVO DE LOS ESTÉRILES DE MINA CLASIFICACIÓN NAG-PAG”* e dá conta de diversos ensaios, algúns aínda non rematados na data da achega desta documentación (xullo de 2019). Neste documento descríbese o fenómeno da drenaxe ácida, os ensaios para coñecer o potencial acidificante dun material, as medidas de control, e dase conta das probas a realizar coas diversas mostras tomadas. Os resultados (aínda incompletos) destes ensaios confirman para a empresa a súa valoración inicial de que, como máximo, un 50% dos estériles terán capacidade para xerar drenaxes ácidas (PAG). CSR indica tamén que a clasificación dos estériles realizarase na fase de operación, isto é, sobre a marcha logo de autorizado e iniciado o proxecto.

Porén, na *“Documentación técnica asociada a la solicitud de autorización de vertido das augas pluviales procedentes de la balsa de Bama”*, un expediente paralelo polo que CSR pretende solucionar o vertido de augas contaminadas procedentes desta balsa ao rego de Pucheiras, reconducíndoas ao interior da mina, atopamos que sobre a natureza das rochas a empresa afirma que *“la casi totalidad de los materiales es potencial productor de sistemas con aguas hiperácidas y en menos de un 10% y, solo si es separado en origen del resto de los materiales ricos en S reducido, podría considerarse que el riesgo de hiperacidificación es mínimo. A idénticas conclusiones, sólo que todavía con mayor riesgo de acidificación se llega analizando el contenido de azufre y la cinética de oxidación forzada en laboratorio, de materiales recogidos en escombreras y cortas de la mina Touro. El porcentaje de S pirítico para gravas de diferentes tamaños recogidos por el LTA-USC [Laboratorio de Tecnoloxía Ambiental da USC] en distintas zonas de la mina de Touro osciló entre 0,08 y 33,89%., lo que significa que aun separando las dos muestras de contenidos superiores al 30%, que sin duda aparecen en los estériles del yacimiento, el porcentaje de S pirítico es superior al 1,3%. Es decir, más de 10 veces superior al valor a partir del que se ha observado la presencia de una rápida acificación, por oxidación de sulfuros”*.

Este informe, a respecto da necesidade de tratar estes materiais sinala tamén que *“con gran seguridad los únicos materiales que no tienen un potencial acidificante son prácticamente los suelos superficiales y algunas saprolitas fuertemente oxidadas de naturaleza caolinítica. El resto de los materiales siempre producirá acidez y, prácticamente en todos los casos, si no se realizan actividades preventivas de mitigación de los procesos oxidativos y de tamponización llegarán a condiciones hiperácidas”*. Para conquistar isto CSR propón o uso masivo de tecnosolos, dos que falaremos máis adiante.

Fica por tanto evidenciada a contradición sobre a natureza dos estériles e o seu potencial contaminante, cuestión que resulta chave para avaliar os riscos ambientais e, portanto, a viabilidade da explotación. Atendendo este feito, todas as medidas de tratamento dos estériles, as de contención e mitigación da drenaxe ácida e as propostas de restauración, son incorrectas, mal dimensionadas ou ineficientes, o que inviabilizaría o proxecto no seu conxunto.

Sobre os **planos de prevención de accidentes** e o de **restauración**, malia ás advertencias de Augas a CSR de non telos achegado na documentación do proxecto, a empresa segue sen presentalos. Aporta tan só como documento complementar un *“ANÁLISIS DE RIESGOS AMBIENTALES_ARM”*, indicando tamén que *“elaborará antes de la autorización del plan de restauración una política de prevención de accidentes graves), un plan de emergencia interior y un plan de emergencia exterior”*.

Precisamente encol do Plano de Emerxencia Interior, CSR indica que o elaborará logo de concedida DIA, limitándose a describir os contidos e metodoloxía que seguirá para facelo no documento *“CONTENIDO Y METODOLOGÍA PARA LA REDACCIÓN DEL PLAN DE EMERGENCIA INTERIOR”*, mais sen presentalo, como lle demandaba Augas de Galiza.

Encol do Plano de Restauración, a empresa reitera o seu compromiso de cumprir coa lexislación, mais como apunta Augas, tampouco o presenta. CSR xustifícase en que *“Llegado el momento, se presentará ante la autoridad competente en materia de seguridad minera, un Proyecto de Abandono definitivo de Labores, así como un Proyecto definitivo de Cierre y Clausura de las instalaciones de residuos mineros”*.

A empresa só enumera as actuacións que desenvolverá na fase de clausura, indicando de novo que *“Estos trabajos se desarrollarán llegado el momento en los correspondientes proyectos específicos, y considerando los condicionados de la Declaración de Impacto Ambiental”*.

A respecto da aplicación de **tecnosolos** como principal medida de restauración, Augas de Galiza advertiu a CSR de que a súa aplicación está totalmente prohibida nas cabeceiras e marxes dos ríos así como nas proximidades de fontes e captacións de augas para abastecemento. Diante desta advertencia, CSR resposta que *“Se considera como opción experimental el empleo de tecnosoles en algunas parcelas de reducida superficie dentro de las zonas restauradas durante el desarrollo del Proyecto”*.

Porén, na variada documentación do proxecto a empresa teima en presentar o uso dos tecnosolos, xa aplicados profusamente na antiga corta de Bama e arredores, como unha das principais actuacións de rexeneración, encamiñada a reducir a acidez e a metalicidade dos efluentes. Así, na documentación *“Documentación técnica asociada a la solicitud de autorización de vertido das aguas pluviales procedentes de la balsa de Bama”*, dise, por exemplo que *“Durante los últimos 16 años, EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. ha realizado con gran éxito la regeneración de una buena parte de los terrenos alterados por la antigua Mina de cobre mediante la aplicación de Tecnosoles y la creación de humedales reactivos”*. Ademais da súa profusa utilización no pasado, CSR expón neste documento que

“la alternativa elegida para la restauración de la Mina de TOURO se basa en la adición de Tecnosoles reductores” e reitera que “El método empleado para la restauración de la Mina de Touro consiste en la aplicación y extendido de capas de diversos Tecnosoles en las diferentes zonas afectadas con lo que lograr corregir de manera paulatina los efectos de la acidificación del suelo y mantenerlos en el tiempo”.

Resulta curioso que logo de presentar en reiteradas ocasións o uso dos tecnosoles como a principal medida de rexeneración para reducir a acidez dos efluentes mineiros, a empresa tente minimizar agora o seu uso e o considere como un simples “experimento”.

CONCLUSIÓNS

Na súa contestación a Augas de Galiza CSR non dá resposta á maioría das cuestións demandadas pola administración hidráulica en maio maio de 2018 e febreiro de 2019. Pola contra, a empresa abusa do envío de informes e documentación técnica, por veces duplicada en documentos e anexos, que na súa maior parte non contribúe a solucionar as graves eivas postas de manifesto polo ente público. Mais ben semella que pretende criar confusión e xerar dilacións inxustificadas no expediente, dificultando tanto á administración como ao resto das partes implicadas un axeitado seguemento e avaliación do proxecto.

O reiterado recurso de invocar a consecución da autorización ambiental (DIA) como condición previa par cumprir coas demandas do ente público, ou o feito de negarse a subministrar algúns dos datos requeridos por *“no tener ningun sentido en esta fase”*, apoian a conclusión de Augas de Galiza de que hai algúns aspectos relevantes *“sobre os que non se aporta ningunha novidade”*. Mesmo poderíase dicir pola actitude de CSR que non se quere cumprir cos requerimentos da administración.

Talvez o máis grave, e causa máis que suficiente para provocar o rexeitamento ambiental do proxecto, sexan as importantes contradicións amosadas por CSR no relativo á natureza e caracterización dos estériles de mina e á utilización de tecnosoles como medida de restauración. Estas graves contradicións invalidarían aspectos centrais do proxecto e claves para valorar o seu impacto: todo o dimensionamento e o tratamento dos estériles, as medidas de contención e mitigación da drenaxe ácida e as propostas de restauración, serían incorrectas e, portanto, ineficientes.

Finalmente, dende ADEGA facemos nosas as conclusións do organismo de bacía no senso de considerar insuficiente o nivel de definición e detalle do proxecto para avaliar as repercusións no medio hídrico, advertindo que *“non se pode asegurar que o proxecto non vaia causar impactos ambientais significativos”*. Resulta moi clarificador que no seu último documento de resposta, o *“ANÁLISIS DETALLADO...”*, CSR nen sequera rebate estas conclusións de Augas de Galiza.

Fins Eirexas, secretario técnico de ADEGA

Novembro de 2019